

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

POIO

Subvencións

MODIFICACIÓN CONVOCATORIA AXUDAS DA AREA DE RENOVACIÓN E REXENERACIÓN URBANA

Con data 03 de novembro de 2015 publicouse no Boletín Oficial da Provincia núm. 212 a convocatoria de axudas á conservación e rehabilitación de vivendas na Área de Rexeneración e Renovación Urbana do conxunto histórico de Combarro-Área de Rehabilitación Integral de Combarro (7ª Fase) e unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local con data 09 de novembro de 2015 a proposta de modificación das mesmas por medio do presente faise público dita modificación:

a) Deixar sen efecto o contido do “Artigo 13.- Informe de Avaliación.”.

b) Deixar sen efecto o apartado g) do “Artigo 16.- Solicitud de axuda e documentación a achegar. Prazo de presentación” relativo ao informe de avaliación do inmovible.

c) Aprobar unha nova redacción do primeiro parágrafo do “Artigo 22.- Execución das obras” quedando redactado da seguinte maneira: “As obras deberán executarse no prazo máximo establecido no acordo de aprobación inicial das axudas. Dito prazo poderá ser prorrogado por proposta da Oficina Municipal de Rehabilitación logo do informe da dirección facultativa no seu caso, se así o demanda o promotor solicitante das axudas e media causa xustificada. A prórroga só se concederá por unha vez, non podendo exceder a súa duración do tempo prescrito para o prazo orixinal. En caso ningún o prazo orixinal ou o prazo orixinal prorrogado poderán superar o 30 de novembro de 2016”.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Poio, 17 de novembro de 2015.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández.

